

## Sección de autobiografías

Participa con nós na nova **sección de autobiografías** do proxecto A Memoria das Mulleres. É moi sinxelo, só tes que seguir os **pasos** que che indicamos a seguir:

1. Queremos **coñecer ás mulleres de Pontevedra** e, para isto, gustaríanos que entrevistases a algunha muller do teu entorno: a túa nai, a túa avoa, unha veciña...

Para facelo, mostrámosche un modelo de entrevista. É só unha proposta, podes modificalo en función daquilo que teñas interese en coñecer sobre a muller á que vas entrevistar. Talvez, algunhas preguntas non encaixen co seu perfil, así que, moito ollo, non fagas preguntas que non encaixen co que está contando a túa entrevistada, non quererás que pense que non lle prestas atención.

- **Datos persoais básicos:**
  - Nome e apelidos
  - Lugar e data de nacemento
  - Lugar de residencia actual
  - Cal é a súa vinculación con Pontevedra?
- Como lembra a **infancia**?
  - A que se dedicaba a súa familia? Eran moitas persoas na casa?
  - Tiña que traballar de nena? Que tipo de traballos facía? Con que anos facía estes traballos?
  - E tiña tempo para xogar? A que xogaban? Con quen xogaba? Onde? Con nenos e nenas ou só con nenas?
  - Foi á escola? Na súa casa quen foi á escola: irmáns, irmás...? A onde ía á escola? Ata que anos foi?
- Cando era unha **adolescente**, que expectativas de vida tiña?
  - Puido decidir se seguir na escola ou non? Puido decidir a que se quería dedicar? Que lle gustaría ter sido?
  - Como se moceaba? Existía presión social por ter parella? Que prácticas sexuais ou amorosas se permitían (ir da man, dar bicos en público...?)
  - Ía ás festas? A onde? Que había nesas festas? Cantaban? Danzaban? Quen tocaba a música? E ía ao cine?

- O seu **traballo** era...
  - Cal foi o seu primeiro traballo? A que anos comezou a traballar? Que tarefas lle gustaban máis? E menos?
  - Como lembra ese traballo? En que consistía? Cantas horas traballaba? Como chegou a traballar aí?
  - Tivo outros empregos? En que consistían?
- Na idade **adulta**, casou e tivo fill@s?
  - Con cantos anos casou? Estaba ao coidado de alguén ademais do home e fill@s? Cal era a súa contribución económica ao matrimonio? Xestionaba os seus cartos ou dábaos?
  - Cant@s fill@s tivo? Coidalos era cousa súa ou tivo axuda de alguén? Como compaxinaba o traballo seu coa atención @s fill@s?
  - Ía a festas ou bailes sen o seu home? Ía el sen vostede?
- Na **vellez** reflexiónase sobre a vida pasada, bota algo en falta?
  - Ten pensión polo seu traballo?
  - Ten enfermidades derivadas do traballo?
  - Gustaríalle ter feito algo que non puido facer?

**2.** Agora que xa temos a entrevista feita, falta que lle pidas unha **fotografía** que lle guste para engadir na nosa web. Serve unha imaxe da galería do móbil ou unha analóxica que poidas escanear.

**3.** Para que poidamos utilizar a fotografía para o proxecto, necesitamos o seu permiso, por iso tes que pedirlle que asine a **autorización de uso de imaxe**.

**4.** Unha vez teñas as preguntas da **entrevista**, a **foto** e a **autorización asinada**, só queda o último paso: envíanos todo ao noso enderezo electrónico [info@dogrisaovioleta.gal](mailto:info@dogrisaovioleta.gal)

**Moitas grazas pola túa colaboración coa Memoria das Mulleres!**